



maristas

Colexio El Pilar · Vigo

Actividades Extraescolares

2020-2021





O Colexio El Pilar ten, como un dos obxectivos principais, fomentar o desenvolvemento integral de cada un dos seus alumnos. Para iso, pon a súa disposición un completo programa de actividades extraescolares. Esta formación complementaria, ademais de procurar unha maior motivación do alumno para aproveitar as súas actitudes ao máximo, facilitaralle a consecución de habilidades que nun futuro o axudarán a enfrontarse a un ambiente cada vez máis esixente.

Porque cada alumno é diferente, adaptamos o proceso de aprendizaxe ás necesidades e capacidades de cada un, realizando un seguimento persoal de cada nen@.

Para que as diferentes actividades propostas se leven a cabo, requírese un número mínimo de participantes. Ao mesmo tempo establecerase tamén un número máximo para cada actividade.

Para atender e dar asesoramento sobre as cuestións que poidan xurdir en relación á nosa oferta extraescolar pódese contactar con el a través do seguinte enderezo electrónico, INFO@EDUE.ES.

A inscrición nas diferentes actividades poderase realizar na pataforma www.edue.es

O pagamento dos recibos efectuarase mediante **domiciliación bancaria**. A devolución da mensualidade implica o **cargo dos gastos de xestión**.

Actividades Artísticas e Culturais

Xadrez

O xadrez esixe unha gran concentración polo que o noso cerebro se ve sometido a unha actividade que axuda ao desenvolvemento mental dos nosos alumnos e alumnas. **Multimedia***

Quen?: Educación Primaria.

Importe: 19€/mes.

Kids Abacus

O programa KIDS ABACUS emprega o ábaco como instrumento de cálculo, combinando diferentes actividades e xogos realizados en clase, que permite potenciar o desenvolvemento do hemisferio dereito do cerebro, onde residen as capacidades de memoria visual, concentración, atención e creatividade.

Quen?: Educación Primaria.

Importe: 22,50€/mes.



Pintura

Esta actividade ofrece ao alumnado a oportunidade de fomentar capacidades de observación visual e creatividade.

Quen?: Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Importe: 28€/mes.

Idiomas

Inglés

Co obxectivo de mellorar a práctica activa do inglés, tanto a nivel oral coma escrito, poñemos a disposición do alumnado ao mellor profesorado especializado. Ademais existe a posibilidade de que os alumn@s máis avanzados preparen e realicen o prestixioso exame Cambridge Young Learners (YLE), o KET ou o PET. (Máis información en <http://www.cambridgeesol.org>). **Multimedia***

Quen?: Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Importe: Dous días: 39€/mes +(18€/anual de material no primeiro mes).

Actividades Deportivas

Patinaxe

A patinaxe é un dos deportes máis seguros xa que ten contacto cero ademais de realizarse nun espazo aberto, tamen é moi completo e fundamental no desenvolvemento do equilibrio e da coordinación. Ademais favorece o oído musical e a expresión corporal.

Quen?: Educación Infantil e Primaria.

Importe: 23€/mes.

Actividades Multidisciplinares

LEGO Robotix®

Nesta actividade foméntase da forma máis divertida a ciencia e a tecnoloxía. Tamén experimentan coa forza e o movemento, o equilibrio e a estabilidade mediante os recursos de LEGO® Education®, potenciando desta maneira a creatividade, innovación, emprendemento e a eficiencia. **Multimedia* Equipos individuais por cada alumno.**

Quen?: Educación Primaria e Secundaria.

Importe: 38€/mes.





HORARIO	LUN\$	MARTE\$	MÉRCORES	XOVE\$	VENRE\$
16:30-18:00	PATINAXE 6ºEP	PATINAXE 4ºEP	PATINAXE 3ºEP	PATINAXE 5ºEP	
16:30-17:45					KIDS ABACUS 3ºEP,4ºEP,5ºEP, 6ºEP
16:30-18:00	ROBOTIX 6ºEP	ROBOTIX 5ºEP	ROBOTIX 4ºEP	ROBOTIX 3ºEP	ROBOTIX (DEMANDA)
16:30-17:45	INGLÉS 3ºEP	INGLÉS 4ºEP	INGLÉS 3ºEP	INGLÉS 4ºEP	
16:30-17:45	INGLÉS 5ºEP	INGLÉS 6ºEP	INGLÉS 5ºEP	INGLÉS 6ºEP	
16:30-17:45					XADREZ 3ºEP,4ºEP,5ºEP, 6ºEP
16:30-18:15	PINTURA 4ºEP	PINTURA 3ºEP	PINTURA 6ºEP	PINTURA 5ºEP	PINTURA (DEMANDA)

